

PUBLICACIONES O CURRUNCHO DO LEITOR

Por AMARO VEIGA

GRIAL. REVISTA GALEGA
DE CULTURA— de Editorial
Galaxia.

Esta revista que vai xa no número 69, no correspondente aos meses de xullo, agosto, setembro, 1980 traí unha serie de traballos de intereses para a cultura galega. Situada dentro da liña culturalista propia de Galaxia vai abrindo pouco a pouco a temas de carácter sociolóxico e mesmo político de hai un tempo para acá, que aínda sen definir todavía un novo rumbo da revista permiten albisar a esperanza de que, aínda sendo trimestral, poda estar máis concorde coa realidade viva cultural do noso viver cotidiano. En rúbrica como a de "Ensaíos" subliñáremos "Unha ollada sobre o problema fundamental de Galiza" de Andrés Torres Queiruga, que merece comentario aparte, "Rosalia de Castro e E. Dickenson" de A. Costa Gomez "Perfis estruturais de contido e expresión en A Esmorga" de X. L. Gavilanes e "Trasfondo histórico na Cantiga 63 (CV) de Alfonso X" de X. Rabada Paredes. Na sección "Escolma" veñen tres contos de Otero Pedrayo, "Ladañas do serán" de Casado e unha tradución de A. Moravia ("A marca morango").

En "Peneira dos días" veñen traballos de Martínez Rodríguez sobre a tradución e seus problemas, de Piel sobre "un nome persoal do medievo", de Rodríguez Lapa sobre "Fernández Flórez e o idioma portugués" coa clara aitude asimilacionista do autor sobre o galego polo portugués, de Isaac A. Estravís ven un traballo sobre o poeta galego inédito afincado en Lisboa nos anos 20 e de Lois Tobío sobre o galego familiar no século XVII. "Mariategui e o surrealismo" por González Gómez e outros. Remata a revista co seu espazo Libros e "o rego da cultura", xa conocidos.

Conven detese no traballo de Torres Queiruga "Unha ollada sobre o problema fundamental de Galiza: Aproximación desde Castelao e Rosalia" que segundo nota de pé de páxina, se o texto dunha conferencia dada nas Comunidades do Barbanza. E ten interese porque, ao noso ver, Queiruga neste traballo fai unha serie de extrapolacións de autores tan representativos como Castelao e Rosalia, para xustificar unha serie de opinións subxectivas do propio Queiruga, algunhas referentes ao proceso político actual e aos nacionalismo partidario que coidamos excesivamente parciais. Produto sen dúbida das preocupacións de quen non sendo político e cunha clara vocación especulativa fuxe inconscientemente da conflitividade real do país na orde social e política. Queiruga no pensamento filosófico e teolóxico sen dúbida unha das nosas primeiras figuras, pero cando baixa do terreno da abstracción metafísica ao das realidades sociais, sempre conflitivas per se, fracasa, posibelmente pola súa posición apartidaria e non clasista —de admitir o fenómeno das clases asumíndoo— aínda que afetivamente se identifique con elas, como non podía ser menos nunha persoa que é fundamental dialóxica, como o é Andrés Torres Queiruga.

E isto levoa, ao noso ver, ademais de a facer extrapolacións graves de Castelao e Rosalia a verter opinións parciais, no seu ensaio, na orde política, partindo de premisas posibilistas que non son senón un produto do colonialismo —palabra que non anota o autor nunca—.

Despois de plantexar o autor de que todo galego se sente asediado pola pregunta sobre o destino histórico de Galiza, pasa a por o exemplo dunha estampa de Castelao do Album Nos "Chora porque o cacique deixou a pedir, se fose un irmán labrego teríalle fendido no corazón" da que tira unha serie de reflexións sobre o "cacique rostro visíbel do poder invisíbel", "o cacique símbolo da ruptura in-

terna de Galiza", "a negativa social da Galiza" e "as opcións políticas da Galiza".

E ben curioso subliñar que Torres Queiruga chega a ser máis pesimista do que Ramón Piñeiro, quen ten tratado do tema da insolidaridade suposta do galego, ao noso ver, de forma moito máis realista do que o autor que comentamos, pois mentres o primeiro apunta a anomia social, as dificultades de realizacións, as tendencias á destrutividade e mesmo o predomínio da mediocridade, cando menos Piñeiro explicaba acertadamente a orixe desas supostas eivas do galego nos conflitos lingüísticos e políticos —diglosia, caréncia de institucións, etc. (Cfr. "Olladas no futuro" p. ex.)

Que é o que se pasa preguntámonos nós, para que Queiruga sexa tan gravemente pesimista que mesmo despois vai coller na opción política a posición posibilista. E que non ten confianza en si propio e esa desconfianza llela trasmite ao pobo galego? E que valora unha desfavorábel correlación de forzas en prol dos nacionalistas e das razóns obxectivas —empregando a linguaxe que podía ser del— da súa existencia? Pensamos que a falta de praxes e o exceso de especulación, nunha metodoloxía e posición persoal subxectiva sempre respetábeis, son as motivacións destas opcións de Queiruga ao se definir polo posibilismo no apartado "As opcións políticas da Galiza". Así, Queiruga, filósofo e teólogo de talla indubidábel, escorrega ao chegar ao concreto das opcións, despois de sinalar que caben as posibilidades seguintes: **antreguismo, negación voluntarística e posibilismo realista.**

MUSICA

AS CANCIÓNS DE TABERNA DO DOCUMENTO AO RIZO RIZADO

A semana pasada comentaba, ao louvar a espléndida colección "Folklore de R. Murciana", a inexistencia en Galiza da Hirmandade, ou Cuadrilla, como

xeito de creación folklórica. Isto non deixa de ser un tanto sorprendente se botamos conta de que este tipo de agrupacións son corrientes nos folklores máis variados e que existen en todas as culturas circundantes a Galicia. Aínda así, mentres non se amose o contrario con probas documentais, non atopamos na nosa música popular este fenómeno. E non podo deixar de comentar como mistificados do tipo "Fuxan os Ventos" ou "Saraibas" organizaron a súa laboura ao xeito de Cuadrilla sen decatarse de que a primeira falsificación estaba na agrupación mesma.

Outra cousa é o fenómeno eminentemente popular do grupo de amigos que cantan e tocan arredor dunha cunca na tasca da aldea ou do bairro. A Charanga non posee un carácter folklórico e nela ten entrada todo tipo de elemento musical desde a canción de moda até o tema folklórico de terras lonxanas traído polo emigrante e desde o instrumento popular até o que precisa de aprendizaxe académico ou para-académico. Todo iso artellado arredor dunha cultura musical concreta e acadado aos xeitos propios desa cultura musical existindo unha definición grande ou pequena da incrustación en relación inversa á propia perda ou emborronamento da identidade inmaculada. A chegada da "sinfonola" e do televisor é unha agresión a este tipo espontáneo e inxenuo de confraternización popular.

A Charanga do "Cuco" de Velle correspondese fielmente coas características esbozadas. No seu repertorio místranse elementos folklóricos galegos cos folklores portugués, porteño, cubano, venezolano, basco..... con citas de zarzuela e revistas de fama hai tempo, con cancións de moda e coído que deixo sen citar moitas cousas. Interpretanse os temas con acompañamento de acordeóns —influencia portuguesa—, trompeta, tuba e crarinete —posibelmente incorporados dunha Banda ou dunha Orquestra de baile—, as quita-

mas —polos máis novos— e as percusións enxebres. Teño escoitado o disco varias veces á blisqueda de sorpresas musicais e podo xurar que á súa grabación é un acerto rotundo de Suso Vaamonde. Se o lector me permite un xogo parvo de verbas, o disco é unha "cucada".

Suso Vaamonde fora responsable, hai tres anos, da grabación dun disco pola charanga da tasca viguesa "A Roda". O disco foi comentado no seu día nesta sección cando lle déramos na primeira sesión dos "Prémios da Crítica" o correspondente a grabacións de música popular. O éxito obtido polo fonograma levou a que parte dos componentes da Charanga formaran un grupo estábel para facer actuacións profesionais. Neste segundo disco temos as consecuencias da decisión. A necesidade de formar un repertorio, a propia conciencia do compromiso profesional fronte ao público implican o autorecoñecemento como grupo con rol social e comeza a selección do material e dos xeitos interpretativos. Intentárase facer desaparecer o máis evidente da incrustación allea e inclusive matinarase na "pureza" folklórica. Ao desaparecer a espontaneidade e o meio sociolóxico e cronolóxico, desaparece o interese musico-etnolóxico da Charanga. "A Roda", actualmente é un grupo comercial que mixtifican o folklore, aínda que non se decaten diso, e que poseen unha moi baixa cualificación técnica.

As tomas de son, como en todos os discos de "Limoeiro" son medianas. Paréceme normal que o rexistro dunha Charanga presente deficiencias pero non entendo as razóns que asisten para non cuidar a grabación dun grupo comercial, aínda que só fora por razóns de mercado.

XOAN M. CARREIRA

Charanga do "Cuco" de Velle
NA PALLEIRA
Dial—Limoeiro 52.5055

A Roda.— FALEMOS GALEGO
Dial—Limoeiro 52.5041

AXENDA

ACTOS

16 de novembro: A partir das 5 da tarde festa popular, organizada pola Asociación de Veciños Mar de Ovellas (Barouta-Ames). Actuacións de Fuxan os Ventos e do grupo de gaitas Os Xaneiros.

As Aulas de Cultura das Caixas de Aforros organizan a semana vindeira os seguintes actos:

Día 15: Barreiros. Música a cargo da Agrupación Armonía no Centro Social.

Ferrol: Conferencia no Salón de Actos impartida por López Nogueira: "Psicopatoloxía das grandes urbes".

Pontedeume: Recital do grupo "A Familia".

Villalba: Coral Polifónica de Chantada.

Día 16: Val de Ouro: "A Familia".

Vilanova de Lourezá: Coro "Toscos e Froles".

Día 17: A Coruña: Cine facilitado polo Club Lingüístico.

Día 18: Santiago: Exposición de

N. 132 / 14-20 NOVEMBRO / 1980



Manuela Patinha.
Día 20: A Coruña: Teatro: "Bailadela da Morte Ditosa" Estaribel.
Santiago: Cine organizado pola Asociación O Eixo.

Exposición na Galería Citanía de Santiago de lencería en encaixes de Camariñas. Diseño de Teresa Rego, basándose nos antigos axuareiros galegos.

TEATRO

Día 15, as 8,30 no bairro da Gaiteira-A Coruña, na Sociedade Recreativa o Grupo Téspis representará "O conto dos cinco camiñantes".

Día 18, tamén as 8,30 no Cine Capitol: "Os Irmandiños".

Día 22, as 8, no Monte Alto, no Colexio Salesianos pon en escea de novo "Os Irmandiños".

CINE

Día 21 as 9, dentro do ciclo de cine europeo organizado polo cine-club Marin: "Os xuízos de Oscar Wilde".

Día 28, O cine club Carballiño proxectará: "Furia no val" de Georges Marshall.

DISCO DA SEMANA

Georges Gershwin.— RHAPSODY IN BLUE. AMERICAN IN PARIS. PIANO CONCERTO. PORGY & BESS. SUITE. SHOW OVERTURES.



A.— Michael Tilson Thomas, director das Columbia Jazz Band (G. Gershwin, piano) New York Philharmonic Orchestra.

B.— Eugene Ormandy, director da Philadelphia Orchestra (Philippe Entremont, piano) Sonido.— 8

Interpretacións: (A), 9 (B), 7 CBS—Master Works.— 79329

Gershwin segue a ser para moitos sectores da crítica e afección un compositor "intranscendente". Pola nosa banda non creemos na existencia de trascendencias e si creemos no oficio, na capacidade constructiva e na musicalidade e Gershwin como dixo Schönberg: serio ou non, é un compositor, un home que vive na música. Na presente grabación se recupera o rollo da pianola da "Rhapsody" grabado polo autor. Lamentablemente a escasa "marcha" de Ormay nos alonxa de moitas das belezas do excelente concerto en fa. Compre mercalo perante a oferta de outono.

Claudia e Alberto Gambino: L.O. MEJORDE LOS GAMBINO CFE—Zafiro ES 34138

A Claudia e o Alberto son coñecidos dabondo polo público galego e soio compre anunciar esta antoloxía que amosa que un musicazo como Gambino malgasta o seu talento por moi excelentes que sexan as cancións.